

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRECE: - -**

- - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez

D. Salvador Durán Bermúdez

D^a M^a Isabel González Domínguez

D. Marcos Guisasola Padín

D^a María Deza Martínez

D. Constantino Sanmartín Quiñones

D^a Almudena Aguíñ Fernández

D. Gonzalo Gonzalo Pita

D^a M^a Victoria González Serén

D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo

D. José Buezas Méndez

D. Pablo Piñeiro Taboada

D. David Otero Domínguez

D^a Sandra Fernández Agraso

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de setembro de dous mil trece, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 29 DE XULLO DE 2013. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase por unanimidade dos/as corporativos/as presentes ás referenciadas actas.**-----

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2012 DO CONCELLO DE SANXENXO. O **Sr. Secretario** indicou que a Conta, que consta de 17 tomos mais os anexos de: 1º.- “Informe a la liquidación de 2012”; 2º.- “Plan económico financiero”; 3º.- “Informe de evaluación de estabilidade orzamentaria (2012)”; 4º.- “Informes da Lei 15/2010”; 5º.- “Informes da intervención xeral”; 6º.- “Anulacións de liquidacións. Información recadatoria”; 7º.- “Balance, cadro de financiamento” e 8º.- “Contas das sociedades mercantís”, debidamente foliados, rubricados e indiciados, servindo tamén de antecedentes da mesma as liquidacións separadas e consolidada e as contas anuais das sociedades mercantís dependentes, se informou pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 29 de xullo de 2013 e que, durante o prazo de exposición ao público da referida Conta Xeral, unha vez informada pola Comisión citada, non se presentaron suxestións, reparos ou observacións.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a **Conta Xeral Consolidada de 2012** a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a **Conta Xeral Consolidada do ano 2012 do Concello de Sanxenxo** que consta de 17 tomos mais os anexos de: 1º.- “Informe a la liquidación de 2012”; 2º.- “Plan económico financiero”; 3º.- “Informe de evaluación de estabilidade orzamentaria (2012)”; 4º.- “Informes da Lei 15/2010”; 5º.- “Informes da intervención xeral”; 6º.- “Anulacións de liquidacións. Información recadatoria”; 7º.- “Balance, cadro de financiamento” e 8º.- “Contas das sociedades mercantís”, debidamente foliados, rubricados e indiciados, servindo tamén de antecedentes da mesma as liquidacións separadas e consolidada e as contas anuais das sociedades mercantís dependentes e que se informou pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 29 de xullo de 2013.

SEGUNDO: remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DA ADENDA Nº1 AO CONVENIO SUBSCRITO O 21 DE DECEMBRO DE 2012, ENTRE OS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, POIO, MARÍN, VILABOA E SANXENXO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE S.A.”, AGORA SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA S.A.” REMITIDO MEDIANTE ESCRITO DO 29 DE XULLO DE 2013. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de setembro de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que coa adenda se producía unha pequena redución da aportación municipal e se amplían as anualidades, incidindo nas alegacións que presentaron ao proxecto cos depósitos previstos, non convencendo a contestación que lles deron, posto que se podería aforrar coa recondución do trazado pola vía pública.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que votarían favorablemente a proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que era unha obra necesaria e que apoiaron dende un principio, se ben, dado que se adquirirán terreos por expropiación, debían darse garantías aos expropiados e mais nunha obra desta entidade, parecéndolle que a información aos veciños foi insuficiente, polo que era labor do goberno municipal facilitala.

A Sra. Alcaldesa, indicou que este asunto se tratou reiteradas veces, xa fose como consecuencia da licitación das obras e o reaxuste pola aplicación das baixas ou do incremento da aportación dos fondos europeos, o que beneficiou aos concellos, tendo que vir as modificacións que se produzan a pleno. A interviniente mostrouse de acordo co Sr. Gonzalo Pita respecto da contestación as alegacións, que esperaba mais concreta, engadindo que seguirían insistindo e entendendo que había canalizacións que podían ir por camiños públicos e evitar danos aos propietarios.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o borrador da Adenda nº 1 ao Convenio suscrito o 21 de decembro de 2012, entre os Concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa e Sanxenxo e a Sociedade Estatal “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.”, agora Sociedade Estatal “Aguas de las Cuencas de España, S.A.” (en diante Acuaes), para a construción e explotación da actuación “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría” conforme ao modelo remitido mediante escrito da Directora Territorial de Acuaes de data 29 de xullo de 2013, rexistrado de entrada no Concello de Sanxenxo, co número 5355, o 5 de agosto de 2013.

SEGUNDO: conforme ao sinalado no informe de intervención, aprobar o compromiso de consignar nos presupostos do Concello de Sanxenxo para os anos 2013, 2014 e 2015 as seguintes cantidades, correspondentes á inversión por anualidade para a execución da obra, trasladando a aportación do ano 2012 ao ano 2013:

Ano 2013: 141.309,23 €

Ano 2014: 318.103,54 €

Ano 2015: 176.794,31 €

As consignacións das aportacións citadas realízanse no marco dun estrito respecto a lexislación e normativa presupostaria, de facendas locais e de estabilidade e sostibilidade financeira e tendo en conta a preferencia dos gastos xa comprometidos.

TERCEIRO: aprobar a previsión do compoñente fixo da tarifa que no seu día terá que abonar o Concello de Sanxenxo, que figura no **Anexo IV da Adenda nº 1 ao Convenio suscrito o 21 de decembro de 2012, entre os Concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa e Sanxenxo e Acuaes**, para a construción e explotación da actuación “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría”, conforme ao **modelo remitido mediante escrito da Directora Territorial de Acuaes de data 29 de xullo de 2013, rexistrado de entrada no Concello de Sanxenxo, co número 5355, o 5 de agosto de 2013** e que ten por obxecto compensar os custos de investimento financiados con fondos propios de Acuaes, os gastos xerais da sociedade estatal na parte proporcional que lle corresponda desta actuación e o deterioro do valor da infraestrutura hidráulica que se puidese producir durante a súa vida útil.

CUARTO: cara á fase de explotación da infraestrutura hidráulica e a súa posible incidencia na actual concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, vixente ata o ano 2019, **prever a posibilidade dunha modificación deste contrato entre as dúas partes, con referencia aos anos 2014 a 2019**, a efectos de compatibilizar o sistema de explotación previsto no convenio, e a propia concesión administrativa”.-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA DESIGNACION DAS FESTAS LOCAIS DO ANO 2014. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de setembro de 2013 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Designar como días de festa local para o ano 2014 as seguintes:

*** 21 de Abril - Luns de Pascua – (Romaría de “O Con”)**

*** 04 de Setembro - Sta. Rosalía”**.-----

5º) PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO EXPEDIENTE DE “MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS E O SEU ANEXO DE SERVIZOS MUNICIPAIS BIBLIOTECARIOS, NO QUE AFECTA TAN SÓ AO REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS” E APROBACIÓN DEFINITIVA DA REFERIDA MODIFICACIÓN DESTE REGULAMENTO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de setembro de 2013 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, expresou a súa decepción porque a Concelleira de Cultura, con motivo da aprobación inicial, instou a que se manifestasen as diversas posturas e logo non se puxo en contacto con ninguén, nin tratou de chegar a un consenso, perdendo tamén a oportunidade de solucionar o problema causado aos veciños cando se aprobou a concesión dun bar nun centro cultural que non estaba preparado para esta actividade, sendo o propio concesionario unha vítima máis. Por último lamentou a supresión no articulado da referencia as bebidas alcohólicas e ao tabaco, argumentando que xa estaba recollida a prohibición na lei estatal e considerou que o regulamento vai en contra do seu Título Preliminar e non incentiva o interese xeral, anunciando o seu voto en contra.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que ían votar no mesmo senso negativo que con motivo da aprobación inicial, avogando pola rescisión do contrato da cafetería e porque se teña en conta a opinión dos distintos colectivos que utilizan o centro cultural.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que molestou cando aludiu a que determinados colectivos entendían que o regulamento se facía contra eles e segue opinando o mesmo, precisando que este regulamento é innecesario, porque xa existía un, o que pasaba era que non se facía cumprir. Engadiu que se pretendía compatibilizar, nun centro deste carácter, actividades culturais con outra lucrativa que non tiña nada de cultural, coa finalidade de financiar parte dos gastos do día a día do centro. Finalmente sinalou que, antes da aprobación definitiva do regulamento, xa se prohibiron algunhas actividades e que se ía actuar arbitrariamente, aplicándoo nalgúns centros e noutros non.

O **Sr. Gonzalo Pita**, expresou o seu convencemento de que a solución era independizar a cafetería do salón onde se realizan as actividades, posto que o acceso a aquela é polo propio salón. A continuación e con respecto ao tema do deporte, sinalou que era cuestión de interpretacións distinguir, posto que podía considerarse que tamén é cultura e, en cambio, no regulamento se elimina.

O **Sr. Buezas Méndez**, aludiu a que os espazos culturais non están para que se instalen cafeterías e reiterou a súa opinión de que debía rescindir a concesión, como se fixo neste concello para contratos máis importantes. Por último dixo que podía substituírse a cafetería con máquinas, co que tamén se conseguiría un aforro que podía compensar a supresión daquela.

O **Sr. Otero Domínguez**, explicou que no Título Preliminar do regulamento se indica que se debe tender á autofinanciación, co que se descobre o interese en xustificar a concesión dun bar para financiar gastos do día a día do centro, como os de limpeza, pero é que, ademais, o citado Título Preliminar fai referencia ao deporte, co que a súa exclusión vai en contra do expresado no mencionado Título, preguntándose como se vai xustificar a denegación da práctica de actividades deportivas en todos os centros culturais, como o de Vilalonga. Finalmente volveu a dicir que este regulamento era innecesario, independentemente de que se realizase un axeitado calendario de actividades, para evitar que ningún colectivo poida quedar fóra.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que se fixo un regulamento xenérico para permitir unha adecuada previsión dos espazos culturais e a súa distribución entre os distintos colectivos e precisou que as intervencións se centraron nunha soa Casa de Cultura, recordando que se concederon 11 das 12 actividades solicitadas e para a restante

déronse dous alternativas, con horarios diferentes e que as propias asociacións veciñais retiraron actividades por entendela incompatibles.

A **Sra. Alcaldesa**, aludiu a que, polo interese xeral, nalgún momento teranse que denegar actividades e a que este asunto se estaba utilizando demagoxicamente, sen intención de colaborar. Puntualizou que os regulamentos estaban para facelos cumprir e que, se alguén consideraba necesario facer obras nalgún centro, o podía trasladar ao goberno municipal, pero non era cuestión a tratar con motivo da aprobación dun regulamento. Finalmente dixo que no regulamento anterior non estaban recollidos todos os centros culturais e que a Concellería de Cultura xa ten, na actualidade, un cuadrante das distintas actividades a celebrar nos centros.

O **Sr. Otero Domínguez**, plantexou unha cuestión de orde pola referencia as actividades deportivas no Título Preliminar do regulamento, precisando a **Sra. Presidenta** que se ía someter a votación a modificación proposta do regulamento.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: desestimar as alegacións presentadas por **Gonzalo Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal** e por **Gerardo Ramiro Fernández Otero**, en representación da **Asociación de Veciños de Adina**, polos motivos expostos no informe da secretaría actal do 20 de setembro de 2013.

SEGUNDO: aprobar definitivamente a “**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS E O SEU ANEXO “SERVIZOS MUNICIPAIS BIBLIOTECARIOS”** no que afecta tan só ao “**REGULAMENTO XERAL DE CENTROS CULTURAIS MUNICIPAIS**”.

TERCEIRO: ordenar a publicación do texto íntegro desta modificación no **Boletín Oficial da Provincia** aos efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO :

6º) DACIÓN DE CONTA DA DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN DE 10.09.13 SOBRE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, EN DESENVOLVEMENTO DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA. O **Sr. Secretario** da conta da dilixencia que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo co disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, informo o seguinte:

Os servizos contables da intervención ao meu cargo, baixo a miña dirección, teñen procedido a cumprimentar os formularios de execución orzamentaria, referentes aos entes xurídico-administrativos, en relación ao segundo trimestre do exercicio vixente.

Dos mencionados formularios dedúcese que a previsión a fin de exercicio cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e do límite do gasto financeiro, e asemade da taxa de variación de gasto computable ou regra do gasto. Este cumprimento, tal e como se deduce do formularios F.3.3., dedúcese en termos consolidados.

Asemade téñense cumprimentado os formularios relativos á dación de conta, avaliación da estabilidade orzamentaria e do cumprimento da regra do gasto relativos ao orzamento definitivo da anualidade, facendo mención a que xa se tiña evacuado esta obriga con ocasión da prórroga do orzamento. Tal e como se mencionou no informe da intervención para os orzamentos da anualidade de 2013, cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto.

Por ultimo dicir que o Pleno da Corporación admitiu manter a vixencia do plan económico-financiero 2011-2013 para o vixente exercicio económico; deste feito tamén se deu conta ao Ministerio de facenda e administracións públicas.

Nos formularios remitidos tomouse como límite do gasto non financeiro o do vixente plan de axuste en previsión de ingresos para o exercicio de 2013 en contía de 17.993.425,89 euros (consolidación). O vixente plan económico financeiro (de redacción previa á entrada en vigor do novo marco de estabilidade orzamentaria) tiña un límite de gasto non financeiro de 15.82.961,16 euros, pero que obedecía, en exclusiva, á entidade local.

Tendo en conta que o gasto non financiero computado é de 18.131.094,48 euros, esto suporía un exceso de 137.668,59 euros con respecto ao plan de axuste (17.993.425,89 euros) e un exceso de 2.548.133,32 euros con respecto ao plan económico-financiero (15.582.961,16 euros).

Non obstante, este límite do plan económico-financiero deberá incrementarse na contía de fondos propios non transferidos dos dous organismos autónomos dependentes que son Terra Sanxenxo (809.121,67 euros) e Xerencia de urbanismo (195.596,99 euros).

Polo tanto o límite do plan económico financeiro, en consolidación, pasaría a ser de 16.587.679,82 euros. Isto supón que o exceso de gasto computable con respecto ao plan económico financeiro pasa a ser de 1.543.414,66 euros, pero dispoñendo de financiamento suficiente para elo e cumprimentando os principios de equilibrio orzamentario, xustifícase da seguinte forma:

1. 287.869,98 euros supón o incremento do gasto financeiro do capítulo III, derivado, entre outras causas, polo concertación da operación de endebedamento do R.D. Lei 4/2012 de 24 de febreiro (artigo 10).
2. 211.426,45 euros supón gastos de investimentos da entidade local non contempladas nas previsión do plan económico financeiro.
3. 225.000,00 euros obedecen a transferencias de capital do capítulo VII do orzamento separado da entidade local, tampouco contempladas no plan económico financeiro.
4. 922.137,70 euros é o importe da primeira anualidade da executoria xudicial relativa ao ámbito do S.U. 13.

Estas xustificacións supoñen un montante de 1.646.434,13 euros superior ao exceso antes figurado.

Como explicación adicional débese mencionar o feito de que existe un exceso de transferencias do capítulo IV do orzamento da entidade local de 563.260,34 euros que, en parte, financian o apartado anterior que se transfire pola súa totalidade, sendo que ademais se transfiren case que 210.000,00 euros de alleación do

patrimonio público do solo (en previsión) aos dous organismos autónomos dependentes.

Por outra parte os incrementos e decrementos en gastos de persoal e gasto corrente, en relación ao orzamento de 2013 coas previsións do plan económico financeiro para esta anualidade neutralízanse, xa que en gastos de persoal existen un decremento de 365.860,43 euros e en gasto corrente un aumento de 377.083,70 euros.

Establecidas estas explicacións, esta intervención, que xa asumiu a obriga legal e normativa da dación de contas ao Ministerio de facenda e administracións públicas, cumprimenta agora a obriga de dación de contas á Corporación do Concello. Sanxenxo, 10 de setembro de 2013. Asdo) O interventor.”

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE INTERVENCIÓN DE 13.09.13 RESPECTO O DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2014-2016). O Sr. Secretario da conta do escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, no día de hoxe, do marco orzamentario a medio prazo (2014-2016) a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

O mencionado marco orzamentario elaborouse sobre a base das seguintes especificacións:

“El presente marco presupuestario se ha realizado tomando como base, para el año 2013, el presupuesto aprobado por el Pleno de la Corporación, y para las anualidades 2014-2016 el plan de ajuste aprobado por el Pleno de la Corporación, en el año 2012, y validado por el ministerio, con las lógicas adaptaciones, que, sucintamente, son:

A)Del lado de los ingresos

1º. En cuanto al IBI, se prevé en vigor la entrada en vigor de la nueva ponencia de valores para el ejercicio 2015 o 2016, asimismo el impacto del R.D. Ley 20/2011.

2º. Están en marcha medidas de inspección fiscal, en especial, en materia de IBI e ICIO.

3º. El ICIO se mantine conforme el plan de ajuste y pasa a ser un ingreso afectado a superávit, reservas, provisiones o responsabilidades indemnizatorias, tal y como se ha establecido en el plan de ajuste y bases de ejecución del presupuesto vigente.

4º. Las previsiones del capítulo III, IV, V, VI y VII se mantienen en los criterios del marco del plan de ajuste, con la especificidad de la prohibición de presupuestación inicial de subvenciones corrientes o de capital, que deberán ser incorporadas al presupuesto mediante modificación presupuestaria, una vez confirmadas.

5º. Se mantiene la prohibición del recurso al endeudamiento a largo plazo durante todo el escenario del plan de ajuste, es decir, hasta 2022 incluido.

B)Del lado de los gastos.

1º. El gasto de personal de 2013 se presupuesta conforme el presupuesto aprobado por el Pleno; para las anualidades 2014-2016 se toma como base el presupuesto de 2011, incrementado por la subrogación del personal del servicio de limpieza y conserjerías (contrato externo suprimido) y decrementado por las amortizaciones de plazas por jubilación y otras causas, previstas o no en el plan de ajuste, y efectivas en el bienio 2012-2013.

2º. En cuanto a gasto corriente se toma como referencia para el 2013 el presupuesto aprobado y para las restantes anualidades la base del plan de ajuste decrementada en el importe anual del contrato suprimido de limpiezas de centros, de en torno a 1.100.000,00 euros/año, manteniéndose 150.000,00 euros para gastos afectos en gestión propia. Asimismo se actualizan las cantidades del plan quinquenal 2013-2017 de devolución de cantidad dineraria derivada de ejecutoria judicial en materia urbanística.

3º. En el capítulo III se actualiza el importe de las anualidades 2014-2016 por el efecto de la ejecutoria anteriormente mencionada y ello en lo que respecta a los intereses de demora devengados. Por lo demás se mantiene lo preciso para el servicio de la deuda en los términos del marco del plan de ajuste.

4º. Los capítulos IV y VII se mantienen en los términos del plan de ajuste, de poder viabilizarse como gasto voluntario, sin perjuicio de las transferencias a entes dependientes.

5º. No se prevén gastos derivados de activos financieros.

6º. El gasto en pasivos financieros se mantiene en los términos del marco del plan de ajuste para hacer frente al servicio de la deuda a largo plazo.

Se especifican las medidas del lado de los ingresos y de los gastos concordantes con el plan de ajuste”.

A mencionada obriga garda concordancia co disposto no artigo 29 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, que literalmente di:

“Artículo 29. Marco presupuestario a medio plazo

1. Las administraciones públicas elaborarán un marco presupuestario a medio plazo en el que se enmarcará la elaboración de sus presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública.
 2. Los marcos presupuestarios a medio plazo abarcarán un período mínimo de tres años y contendrán, entre otros parámetros:
 - a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública de las respectivas administraciones públicas.
 - b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el período considerado.
 - c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.
 3. Los marcos presupuestarios servirán de base para la elaboración del programa de estabilidad”.
- Sanxenxo, 13 de setembro de 2013. O interventor.”

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR DO 19.09.13 QUE INDICA QUE NON PROCEDE A INCLUSIÓN DESTA ENTIDADE LOCAL NO MECANISMO DE PAGO A PROVEEDORES REGULADO NO TITULO 2 DO R.D.L. 8/2013, DE 28 DE XUÑO. O Sr. Secretario da conta do informe que a continuación se transcribe literalmente:

“JOSÉ JUAN VIDAL VILANOVA, na súa calidade de interventor xeral do Ilmo. Concello de Sanxenxo, ante o Pleno desta Corporación, INFORMA:

Que no mes de xullo do presente ano emitíuse por parte desta intervención certificación acreditativa do pendente de pago que reunía as condicións obxectivas do artigo 3 do R.D. Lei /2013, de 28 de xuño. Dita certificación trae como causa a relación do mencionado pendente, datado ao Ministerio de facenda e administracións públicas, a través da oficina virtual coas corporacións locais da súa páxina web e tal como

esixe o artigo 16 da mencionada norma xurídica.

De acordo ao parágrafo primeiro do susodito artigo, da mencionada certificación deuse debida conta ao Pleno desta Corporación.

En virtude de todo o anterior, infórmase que de acordo ao disposto no parágrafo 5º do artigo 16, procedeuse á corrección da certificación do listado anterior ao ter sido satisfeito o pago das obrigas datadas e incorporadas.

Polo tanto, esta Corporación non dispón de débeda a terceiros, pendente de pago, que entre no ámbito subxectivo do artigo 3 do R.D. Lei citado, non procedendo a inclusión desta entidade no mecanismo de pago a provedores regulado no título I do R.D. Lei 8/2013.

Aos efectos atópase satisfeito o pago da débeda de dito ámbito, contabilizada con data anterior a 31.05.13 e que non foi obxecto de certificación negativa á que se refiren os parágrafos 3 e 4 do artigo 16.

De todo o cal, e en virtude do disposto no parágrafo I do artigo 16, infórmase debidamente ao Pleno da Corporación, para o cal se eleva con carácter previo á alcaldía-presidencia. Sanxenxo, 19 de setembro de 2013. Asdo) O interventor.”

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 18 DE XULLO AO 18 DE SETEMBRO DE 2013 (DE RES. Nº 817/13 Á Nº 1099/13). A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as **as Resolucíons da Alcaldía ditadas dende o 18 de xullo ao 18 de setembro de 2013**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOBRE ESTABLECEMENTO DE DATAS CONCRETAS PARA INCORPORACIÓN DE SOCORRISTAS ÁS PRAIAS (R. DE ENTRADA NUM. 6534 DO 30/09/13). O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 30 de setembro a seguinte MOCIÓN URXENTE;

MOCIÓN

O sucedido esta tempada de verán coa incorporación dos socorristas as nosas praias non foi propio dun Concello que é un referente turístico e que pretende dar un servizo axeitado os usuarios das nosas praias das cales 14 son bandeiras azuis.

A incorporación de efectivos o 8 de Xulio e a súa retirada o 4 de setembro (menos de dous meses) vai en dirección contraria ós intereses do noso motor económico, o cal si respondeu en plena crise, non sendo axudado pola administración acotando a tempada en vez de desestacionalizala, sendo motivo de enfado de moitos usuarios que ante a necesidade da utilización de este servizo tiveron que buscar alternativas baixo a súa indignación e deixando a imaxe do Concello polo chan.

Polo exposto, S.A.L. propón ó pleno da corporación esta moción para o seu debate e aprobación si procede.

Solicitamos se establezcan como mínimo unhas fechas concretas para a incorporación dos socorristas as nosas praias nas vindeiras tempadas de verán, proponendo o periodo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro ou facendo coincidir as fechas coa tempada de vacacións dos escolares.”

O **Sr. Gonzalo Pita**, xustificou a urxencia polo feito de que se trata do primeiro pleno despois da tempada de verán e, sendo Sanxenxo un concello de interese turístico e referencia neste sector, é necesario evitar unha imaxe como a dada este verán, debendo procurar ter unha maior cobertura de socorristas nas praias e por mais tempo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que votaría en contra da urxencia, precisamente porque finalizou agora o verán, aínda que lle parecía pouco o período de 15 de xuño ata o 15 de setembro.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ía recomendar o voto contrario á urxencia, precisando que eran favorables ao mantemento dos servizos, que os socorristas estiveron dous meses e que este concello, á parte, conta cun servizo de emerxencias as 24 horas do día.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a declaración de urxencia desta moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción** .-----

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, anunciou que retiraba a moción presentada no concello o día 08 de marzo de 2013, co número de rexistro 1256.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que retiraba a moción presentada no concello o día 27 de maio de 2013, co número de rexistro 2861.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA SOLICITAR DO GOBERNO DE ESPAÑA MEDIDAS A FAVOR DOS PENSIONISTAS SOMETIDOS A INSPECCIÓN POLO COBRO DE PENSÍONS PROCEDENTES DA EMIGRACIÓN (R. DE ENTRADA NUM. 6528 DO 30/09/13). A Sra. Aguiñ Pombo, voceira

do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de marzo aproximadamente, milleiros de pensionistas galegos que perciben pensións de outros países (de momento parece que só do continente europeo), están sendo notificados por Facenda para que presenten declaracións complementarias da renda dende o ano 2008.

Moitos xa recibiron varias notificacións e unha vez presentadas as declaracións complementarias empezan a comunicarlles tamén as sancións.

Estamos ante reclamacións de pensións de países como Alemaña, Francia, Suiza, Bélxica, etc., pensións que en moitos casos nos países de onde proveñen están exentas de tributar pola súa contía, pensións que nalgúns dos documentos aos que tivemos acceso non supoñen máis que 800-900 euros ano, que para coñecer o seu importe total as persoas afectadas teñen que ir as súas entidades bancarias e sumar as cantidades percibidas durante o ano anterior porque ningún organismo oficial deses países comunica cada ano a contía da pensión a percibir nin teñen ningún tipo de retención.

Reclamacións que si sumamos a complementaria máis as sancións por non habelas declarado no seu día poden chegar a cifras de 12.000 ou 15.000 euros, para as que a Facenda estatal dá uns prazos de devolución moi curtos e ademais con intereses.

A información oficial é confusa sobre quen ten a obriga de declarar, e sobre os procedementos, de feito ata agora era habitual que nas propias delegacións da facenda estatal se lles comunicase aos pensionistas que as pensións estranxeiras non tiñan que declaralas e o feito constatable de que están recibindo por milleiros as reclamacións confirma que a meirande parte dos pensionistas entendían que non era obrigatorio declarar estas pensións.

Mesmo hai sentenzas xudiciais que así o entenden, pero a pesares disto están chegando máis e máis notificacións e cando un contribuínte recibe a reclamación de 1 ano e, voluntariamente e para demostrar que non houbo intención de ocultar estes ingresos á facenda, trata de entregar as complementarias dos demais anos que lle poden reclamar, xa están notificándolle dende a Facenda o seu requirimento, evitando así que poida “librarse” da sanción por non habela presentado.

As persoas notificadas están sumidas nun mar de dúbidas, non só pola escasa e pouco clara información que reciben da facenda pública e a contradición evidente coas sentenzas xudiciais xa existentes, senón polo grave problema que lles supón un desembolso económico desa magnitude, cuns prazos tan curtos e con intereses, nun momento no que as economías familiares non son moi boiantes e mesmo as persoas con pensión en moitos casos son o principal sustento de moitos fogares.

A vía xudicial en persoas de idade avanzada, con custos de avogados, procuradores, taxas xudiciais engadidos aos custos de sancións e declaracións complementarias non se rebela como unha solución axeitada para estes casos.

Ante esta situación, que está xerando unha grave alarma nas persoas pensionistas e dado o elevado número de emigrantes que tivemos e volvemos a ter en Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Solicitar do Goberno de España que, na inspección que se está dirixindo por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria a pensionistas que á súa vez teñan pensións da emigración, tendo en conta as actuais circunstancias de recesión económicas, os altos niveis de desemprego e o empobrecemento das

familias, moitas das cales hoxe dependen, para a súa supervivencia, dos ingresos mensuais destes pensionistas nos seus fogares, adopte as seguintes medidas:

- 1.- Regularizar a situación dos pensionistas sen consideralos como defraudadores fiscais, ofertando información pormenorizada e homoxénea das súas obrigas fiscais.
- 2.- Habilitar, para o caso de que teñan que afrontar pagos polas súas declaracións complementarias, períodos de pagamento máis longos que os estipulados habitualmente, en aras de evitar un quebranto económico nas unidades familiares destes pensionistas.
- 3.- Eximir do pago de sancións e intereses de demora a aqueles pensionistas que regularicen a súa situación fiscal.”

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia porque cada día que pasa novos pensionistas están a recibir notificacións de Facenda, especificou que este asunto tiña especial interese neste concello, onde existían moitos emigrantes retornados e engadiu que tamén se estaba a tratar de chegar a un acordo no Parlamento e que apoiaban que non se sancionase aos emigrantes, posto que o sucedido foi froito da confusión

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ía recomendar o voto contrario á urxencia, posto que xa se estaba tramitando na vía parlamentaria e ademais era necesario estudar caso por caso.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a declaración de urxencia desta moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción** .-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE A SUPRESIÓN DA XERENCIA DE URBANISMO (R. DE ENTRADA NUM. 6529 DO 30/09/13). A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

En moitas ocasións dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo lle propuxemos o Grupo de Goberno a supresión da Xerencia de Urbanismo. A última proposta fixémoslla no debate dos orzamentos para o ano 2013 no mes de Xuño. Reprochámoslle o concelleiro de Economía e Facenda que non trouxese o pleno un orzamento que contase con decisións políticas. Instamos o Grupo de Goberno que a primeira decisión política que tiña que tomar era a supresión da Xerencia de Urbanismo.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo entendemos que non se pode xustificar a existencia da Xerencia de Urbanismo, que para o ano 2013 conta cun orzamento de 1.645.000 euros, no que unicamente 195.000.-€ son ingresos relacionados coa actividade e só para soldos fan falla 478.345,33 euros, para gasto corrente 461.937,84. Ademais para dar cumprimento a sentencias xudiciais desfavorables aos intereses

da entidade local a cantidade de 1.000.000 euros.

Transcorren os meses e grupo de goberno deixa pasar mes tras mes e non toma a decisión política de suprimir a Xerencia de Urbanismo. A sangría cada vez é maior e non teñen a valentía de tomar una decisión política que supondría un enorme aforro para xa as maltreitas arcas locais.

Non podemos obviar que a existencia da Xerencia de Urbanismo nestes últimos anos foi unha fonte grande de problemas para este Concello, debido a súa inoperancia, a tardanza na resolución de expedientes, a sentenzas xudiciais desfavorables cuestionando as licenzas emitidas dende a entidade local, etc.

A supresión en sí da Xerencia inicialmente xa supondría un aforro importante en alquiler de local, enerxía, limpeza, auga, etc así como o salario do Xerente. Só firmando a resolución xa suporía un aforro de máis de 130.000 euros.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- que se proceda a supresión da Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo e que as competencias en materia de Urbanismo sexan asumidas por parte da entidade local, como así se fixo antes da existencia do mencionado organismo autónomo.”

A **Sra. Aguíñ Pombo**, xustificou a urxencia porque en reiteradas ocasións xa manifestaron que non tiña sentido manter este organismo autónomo, que se financia de transferencias da entidade local, engadindo que agora leron nos xornais que o goberno municipal tamén era partidario da supresión, polo que, ademais de facer constar que chegaban tarde e que entón non deberían ter ningún problema en aprobar a moción, era necesario preguntar onde se ían instalar os servizos urbanísticos e como se ía facer a transferencia de persoal.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que o urxente era actuar de forma distinta en urbanismo e anunciou que votarían a favor da urxencia pola necesidade de que este asunto sexa tratado no pleno.

A **Sra. Alcaldesa**, precisou que a disolución da Xerencia tiña que ser acordada polo Pleno e esa será a ocasión de debater sobre este asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que lle gustaría votar a favor da urxencia, pero que o fará en contra, posto que a supresión da Xerencia non é algo que se poida facer da noite a mañá e é necesaria unha tramitación.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que ía recomendar o voto contrario á urxencia, posto que esta é unha medida incluída no pacto de lexislatura do goberno e que xa se va a tramitar.

A **Sra. Alcaldesa**, indicou que para esta decisión non se debe ter en conta só o criterio de que sexa deficitario o servizo, posto que hai moitos que tamén o son e que o concello debe prestar, como os sociais.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a declaración de urxencia desta moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).
Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción** .-----

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego manifestou que retiraba as mocións presentadas no concello os días 21 de marzo (2) e 27 de maio de 2013, cos números de rexistro 1531, 1532 e 2877.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE HABILITACIÓN DE ESPAZOS RESERVADOS PARA APARCADOIROS DE BICICLETAS NAS INMEDIACIÓNS DE CAMPOS DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo **EXPÓN:**

O Grupo Municipal do BNG de Sanxenxo, facendo traslado da petición de diferentes colectivos, así como de peticións individuais, formula a necesidade de habilitar espazos reservados para o aparcadoiro de bicicletas nas inmediacións dos campos de fútbol municipais, instalacións deportivas municipais (pavillóns, pistas abertas...etc) e outros espazos de uso público habitual.

Periodicamente numerosos rapaces e rapazas se desprazan a estas instalacións para adestrar ou practicar actividades deportivas utilizando a bicicleta.

Moitos de estas instalacións carecen de aparcadoiros con soportes específicos para o seu ancoraxe, tendo que deixar as bicicletas tiradas no chan, co temor de que sexan roubadas ou danadas.

Queda claro que se trata dunha petición razoable e de un custe económico asumible.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS:**

-Que se habiliten espazos reservados para o aparcadoiro de bicicletas dotados con soportes específicos de ancoraxe nas inmediacións de campos de fútbol municipais, instalacións deportivas municipais (pavillóns e pistas abertas) e outros espazos de uso público habitual.”

A Sra. Fernández Agraso, xustificou a urxencia porque a moción se presenta a petición de varios colectivos, pais e nais de nenos/as que realizan estas actividades e que se encontran na situación descrita na moción.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A Sra. Alcaldesa, sinalou que votarían a favor da moción por ir na liña que xa están a seguir.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que tamén era posible meter as bicicletas dentro dos propios campos de fútbol.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a moción a votación na que, por

unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, nos termos antes transcritos.-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS PARA GARANTIR OS COBROS DOS VITICULTORES DAS CONTÍAS QUE LLES ADEBEDAN. O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo, **EXPÓN:**

O establecemento da posibilidade de asinar contratos homologados entre produtores e industrias, logo do acordo acadado na Mesa do Viño do ano 2006, nas distintas denominacións de orixe, foi un salto moi relevante para dotar de máis estabilidade ao sector e para evitar a conflitividade que se viña producindo en todas as campañas en torno á recollida da colleita, o seu prezo e o prazo en que os produtores cobran pola súa produción.

Igualmente, acadouse un consenso na Mesa do Viño acerca das medidas que debía impulsar a Xunta de Galiza para promover a súa implantación, fundamentalmente vinculadas co condicionamento ou preferencia nas ordes de axudas dirixidas ás industrias a que estas asinen contratos homologados.

Os pasos atrás que se produciron nas últimas campañas nas diferentes denominacións de orixe en que existiu a posibilidade de asinar contratos homologados xunto co abandono da Xunta de Galiza das medidas para o seu impulso motivou, xunto con outros factores, que actualmente se produza unha situación delicada no sector do viño. Esta situación delicada concretase de maneira específica en que moitos viticultores seguen pendentes do cobro das uvas que entregaron na última campaña, e mesmo nalgúns casos na anterior.

Consideramos que os pésimos resultados que para o conxunto do sector ten a ausencia de política de contractualización fai que sexa unha obriga ineludíbel da Xunta de Galiza continuar co impulso desta práctica, tanto a través da súa implicación activa na Mesa do Viño para acadar acordos de contratos como a través doutras medidas de estímulo conducentes á extensión dos contratos.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. **Instar á Xunta de Galiza a:**
 - a) **Implementar as medidas necesarias para garantir o cobro por parte dos/das viticultores/as das contías que se lles deben polas uvas entregadas.**
 - b) **Convocar á Mesa do Viño coa finalidade de acadar acordos neste ámbito.**
 - c) **Impulsar actuacións coa finalidade de garantir a existencia de contratos homologados nas diferentes denominacións de orixe vitivinícolas para a presente campaña, en que se establezan os prezos en función das variedades, graduación, etc, e demais cuestións que pacten as partes.**
 - d) **Que as axudas ao sector industrial estean vinculadas a existencia de contratos homologados en que os acordos que a través do IGAPE, ou calquera outro instrumento se establezan, non estean avalados polos propios produtores.”**

O Sr. Otero Domínguez, xustificou a urxencia porque agora está a comezar a campaña de recollida da uva e porque neste concello existen moitos pequenos produtores e bodegueiros,

sendo necesario adoptar medidas que protexan aos pequenos produtores ante as grandes adegas

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O **Sr. Otero Domínguez**, aludiu a que todos coñecían a situación e que había que procurar que os pequenos produtores e tamén os traballadores teñan unha seguridade.

A **Sra. Alcaldesa**, sinalou que votarían a favor da moción por tratarse dun sector importante neste concello.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, nos termos antes transcritos.**-----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6535 DO 30/09/13). A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento y Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno Local o seguinte ROGO:

No casco vello de Portonovo permanecen en varias ruas (zona do Enxido, San Roque, Rúa dos viños, etc) unhas tuberías que foron instaladas coa humanización das diferentes rúas.

As tuberías permanecen abertas e moitos viandantes as utilizan como papeleiras, ceniceiros, etc, e os vecinos tratan de subsanalo cortandoas a ras do chan ou tapandoas con bolsas ou medias botellas, non sendo esta unha imaxe axeitada para unha villa turística.

ROGO

Rogamos se inste á empresa ou empresas responsables propietaria das tuberías mencionadas a tapálas con caixas de rexistro ou tapas apropiadas para tal fin.”-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6536 DO 30/09/13). A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento y Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno Local o seguinte ROGO:

No lugar de Fonte de Ons na parroquia da Revolta levan tempo padecendo as consecuencias de non ter a calzada saída para as augas da choiva, impedindo o paso dos peóns.

ROGO

Rogamos ordenen os técnicos a elaboración dun informe para determinar cal e o motivo que provoca o estacamento da agua e instamos a que lle den a solución mais axeitada.”-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6537 DO 30/09/13). A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento y Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno Local o seguinte ROGO:

Despois de varios avisos dos veciños da parroquia de Bordóns, demandando unha solución ó camiño de Chandevila que presenta un importante deterioro, solicitamos as medidas oportunas para o seu acondicionamento urxente deste camiño veciñal.”-----

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que retiraba o rogo presentado no rexistro do concello o día 27 de maio de 201, co número 2867.

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 6530 DO 30/09/13). O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

A Fonte de Ons na Revolta así como a Fonte de Freixeiro en Dorrón atópanse complementamente abandonadas. Ademais os accesos as mesmas están completamente abandonados.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 6531 DO 30/09/13). O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Fai uns días que xa comenzo o Outono, e con él a chegada das primeiras choivas. Unha boa parte dos viais e beirarrúas deste Concello están completamente abandonados e cheos de maleza. É necesario que se proceda a limpeza dos mesmos para que cando cheguen as fortes chuvias evitar posibles inundacións.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 1596 DO 25/03/13). O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“ROGO que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto os artigos 97.6 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art 56.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Na estrada PO-308 en dirección Pontevedra, concretamente ao lado dereito, na curva, diante do Hotel Nanín atópanse uns contenedores de recollida de lixo, que impiden a visibilidade da estrada. Cando hai fortes ventos incluso desprázanse hacia o interior da estrada. Entendemos que non é o lugar máis axeitado de colocación dos mesmos.

ROGO: que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para que se proceda a retirada dos mencionados contenedores de recollida do lixo.”-----

7º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitou que se proceda á limpeza das beirarrúas de Vilalonga, no entorno do PEI-12.---

8º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitou o cambio de ubicación de colectores sitos en Vilalonga, preto de Caixanova.----

9º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitou a limpeza da zona de As Lagoas, posto que a maleza xa impide velas e é necesario poñelas en valor.-----

10º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitou a sinalización do campo de fútbol de O Revel, xa que os equipos visitantes teñen dificultades para acceder a el.-----

PREGUNTAS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6541 DO 30/09/13). O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Reglamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte **PREGUNTA:**

O pabellón de deportes de Sanxenxo adxunto ó colexio público da Florida e o mais antigo do noso Concello, sendo ó mesmo tempo no que menos investimentos se fixeron dende as adminsitracións.

Dende fai tempo presenta importantes deficiencias en canto á seguridade e hixiene (portal de entrada, goteiras, humedades, uralita e fibra de amianto, etc).

PREGUNTA

¿Qué medidas ou xestións se teñen realizadas para subsanar estas deficiencias?.”

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, recordou que este equipamento era de uso preferente para educación e sinalou que se está a tramitar, ante a Secretaría Xeral para o Deporte e a Xefatura Territorial da Consellería de Educación, a obtención de financiamento para facer o arranxo que o pavillón necesita.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6540 DO 30/09/13). O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte **PREGUNTA:**

En que estado se atopa o pago das dúas anualidades que se adeudan as escolas deportivas municipais?.”

A **Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que se encontra pendente, tal e como xa se informou aos clubs, esperando dispoñer de liquidez para afrontar os pagamentos antes de final de ano.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6539 DO 30/09/13). O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte **PREGUNTA:**

Cando se construíron as casas de cultura de Dorrón e Adina á administración solicitou un aval á empresa constructora adjudicataria, sendo incautado o seu importe recentemente con motivo de reponer e restaurar defectos nas construcións mencionadas.

PREGUNTA

Cales foron as obras de reposición e restauración dos defectos das casas de Cultura e cal foi o importe de execución das mesmas.”

O **Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que as obras afectaron a portas, humedades e a todos os danos que figuran nos informes do arquitecto e que se detallan no correspondente expediente, ascendendo o importe, nas dúas casas

de cultura, a 20.000,00 € aproximadamente.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 6538 DO 30/09/13). O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte **PREGUNTA:**

Como vai a negociación ou expropiación da adquisición dos terreos necesarios para poñelos a disposición da Consellería de Educación no caso do COLEXIO DE VILALONGA e a negociación dos terreos da PO-308?”

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, respecto do centro de O Revel, informou que xa se fixo un parcelario novo e se están a terminar as valoracións para iniciar o procedemento expropiatorio, recordando que tamén se está a rematar o proxecto de urbanización, co obxecto de que a finais de ano poida estar todo. En canto á PO-308 a Sra. Alcaldesa indicou que hai que agradecer que moitas das alegacións feitas para mellorar o proxecto foron aprobadas e que agora se está a tratar de que se licite xa o proxecto, quedando pendente para a posta a disposición dos terrenos, as parcelas de dous propietarios e unha reunión co Arcebispo.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 6532 DO 30/09/13). O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“Dña Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula a seguinte **PREGUNTA**

Unha boa parte das aceras das diferentes localidades do Concello de Sanxenxo atópanse moi deterioradas. Baldosas rotas, pavimento fundido, maleza invadindo as aceras, etc. Ademais a maior parte das estradas locais nas diferentes zonas do Concello de Sanxenxo atópanse sen pintar e outras sen case pintura.

Poderíanos dicir si por parte da Concellalía de Infraestruturas do Concello de Sanxenxo ten previsto proceder a unha reforma integral de todas as aceras que se atopan en mal estado, a limpeza das mesmas e a sinalización das estradas locais?”

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que se mostra favorable a realizar, coa brigada de obras municipal, os traballos cada vez que llo requiran e a Sra. Alcaldesa puntualizou que en ocasións non se podía realizar o pintado, posto que os viais, ás veces, non teñen superficie abondo para ter dous carrís.-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 6533 DO 30/09/13). O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**Dna Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula a seguinte **PREGUNTA**

A finais do mes de xaneiro do ano 2012 na celebración dun pleno ordinario o Grupo de Goberno presentou unha moción de suma urxencia que tiña como finalidade a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo e a Deputación de Pontevedra para a recuperación do Pazo de Quintáns.

No mencionado convenio mencionaba que o Concello de Sanxenxo cederá a Deputación Provincial de Pontevedra o Uso do Pazo de Quintáns durante 20 anos ao obxecto de destinalo ao desenvolvemento de actividades culturais (exposicións, recepcións, formación, etc) de interese público.

A realidade é que transcurridos case dous anos desde a aprobación do famoso convenio de colaboración co Concello de Sanxenxo e non sabemos en qué situación se atopa. O único que sabemos é que o Pazo de Quintáns cada día que pasa deteriorase moito máis e o custo de rehabilitalo cada día que pasa será maior.

Pode decirnos a día de hoxe en qué situación se atopa o desenvolvemento do mencionado convenio coa Deputación de Pontevedra: redacción do proxecto, licitación do mesmo, licitación de obras, financiación das mesmas?”.

O Sr. Buezas Méndez, anunciou que retiraban o escrito presentado no concello o día 25/03/13, co número de rexistro 1594.

A **Sra. Alcaldesa**, contestou que se dirixirán ao ente provincial para ver que é o que teñen pensado facer, posto que ao convenio aprobado neste pleno, aínda non lle pasou o mesmo na corporación provincial e o proxecto de rehabilitación está encargado.-----

7º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou sobre certas recomendacións feitas por titores de centros escolares, para que fosen os pais os que adquiriran a axenda escolar.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, informou que se empezaron a repartir o día de hoxe e que esas recomendacións citadas deberon ser froito dunha mala comunicación, engadindo que, segundo lle dixeron na imprenta, o atraso no subministro dunhas axendas que se comprometeron a entregar a mediados de setembro, se debía a un fallo da máquina.

A **Sra. Fernández Agraso**, dixo que as comunicacións se tiñan que mellorar para evitar erros que podían provocar un gasto para os pais e a **Sra. Lago Martínez** explicou que as comunicacións se fixeron a través dos equipos directivos dos centros.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e

dúas horas e dez minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**